



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO
DO CONCELLO O DÍA DEZANOVE DE ABRIL DO DOUS MIL CINCO.**

ASISTENTES

ALCALDE-PRESIDENTE

D. Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS

D. José Luis Docampo Fortes, D. Rafael Luis Fernández Amor, D. César Ricardo Naval Parapar, D^a. María Rebeca Fernández Martínez, D^a. Ana María Basanta Tojo, D. José Antonio Goás Basanta, D. César Aja Mariño, D. José Joaquín Gayoso Roca, D. Guillermo Leal Arias, D. Justo Vicente Vázquez Chao, D. Antonio Solla Díaz, D^a. Marta Pérez Lage, D^a. Rosario Canoura Labayén e D. Orlando Expósito Mariño.

EXCUSA A SÚA AUSENZA

D. Francisco Luis Rodríguez Guerreiro

NON ASISTE

D. Antonio José Bouza Rodil

SECRETARIA

D^a. Sara Martínez Álvarez

Na Casa do Excmo. Ayuntamiento de VIVEIRO, sendo as doce horas do día dezanove de abril do dous mil cinco, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria, D^a. Sara Martínez Álvarez, celébrase sesión extraordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde, declárase aberto o mesmo.

1º.- ADHESIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE VIVEIRO Á CARTA DE VITORIA.

Polo Sr. Alcalde-presidente, D. Melchor Roel Rivas, expónse que a proposta aválase pola Comisión executiva da FEMP dicindo que entre os integrantes atópanse D^a. Rosa Aguilar, Alcaldesa de Córdoba, D^a. Rita Barberá, Alcaldesa de Valencia e D. Francisco Vázquez, Alcalde da Coruña e Presidente da FEMP, apoiando o municipalismo que non o localismo e tendo en conta, entre outras circunstancias, o gran número de servizos que asumen os Concellos, moitos dos cales que non son de prestación obrigatoria para as Entidades Locais por precepto legal.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcese a do Voceiro do PP, D. César Aja Mariño, manifestando que loxicamente atópanse de acordo coa proposta que dí é un acordo da Federación Española de Municipios e Provincias onde o grupo do PP está representado.



Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

A seguir, o Voceiro do PS de G-PSOE, D. Rafael Luis Fernández Amor, manifesta a conformidade do seu grupo.

A continuación, na súa quenda intervén o Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta que manifesta a disconformidade do seu grupo anunciando o voto en contra da proposta, polas razóns que lé que transcritas, literalmente, dín:

**“REFLEXIÓNS A RESPECTO DO DECÁLOGO DO MUNICIPALISMO
DO SÉCULO XXI, INCLUIDO NA CARTA DE VITORIA.**

1º.- Poidera calificarse como unha declaración de confronto contra o poder das comunidades autónomas, ao situar aos poderes locais, esencialmente das cidades, nun mesmo plano de igualdade, equiparando, xa que logo, dúas realidades distintas: a autonómica e a local.

2º.- O BNG aposta polo establecemento dun modelo propio de organización territorial e do réxime dos seus entes locais. Trátase de eliminar o carácter duplo dos entes locais e a inútil superposición de figuras correspondentes a sistemas distintos. Así o novo esquema territorial deberá basearse na comarca, e/ou rexión urbana, e sobre esta base, a configuración local arbitrase sobre un dobre nivel: o concello e a comarca/rexión urbana.

Pola súa parte o Estatuto de Autonomía de Galiza recolle como cédulas da organización territorial a parroquia, o concello e a comarca.

A carta de Vitoria violenta esta determinación, ao definir os “Poderes Locais”, nomeadamente as cidades, como “parte integrante do Estado e conforman un dos tres niveis da súa Estrutura Administrativa, gozando de plena autonomía nas funcións que lle son propias e non sendo en ningún caso Institucións de ámbito Autonómico”.

3º.- Pretende, tamén, o novo decálogo do municipalismo elevar o nivel competencial dos gobernos locais, -outra vez máis, sobre todo, os das cidades-, sen definir cal será a institución titular da competencia, Estado ou Comunidade Autónoma, que participe neste novo reparto.

O BNG entende que a redistribución competencial debe realizarse desde o Estado ás CC.AA., para que as CC.AA. reasignaren funcións e servizos dos concellos e comarcas, tal como defende o Pacto Local. Mais, todo parece indicar que esta vía lóxica Estado-Comunidade Autónoma, mirarase interferida, neste caso, polos Gobernos locais.

¿Como terán cabida neste deseño os traballos de consenso realizados co gallo do coñecido como Pacto Local Galego?.

4º.- Coa mesma intencionalidade de socavar o poder das Comunidades Autónomas téntase, con grandes dúbidas legais, a integración, co mesmo rango que as Comunidades Autónomas, dunha representación dos Gobernos locais no Senado, sendo ésta unha cámara legislativa, e non tendo carácter legislativo aqueles.



Ademais, o pretendido paralelismo co Comité das Rexións esquece que o tal Comité é un órgano meramente consultivo.

5º.- É un desatino presentar á FEMP, entre outras cuestións que se citan para a súa institucionalización, como a protagonista única na visualización do recoñecemento efectivo do papel desenvolvido polos Gobernos locais nos últimos 25 anos. ¿Cal foi, logo, a función da FEGAMP, ou das federacións de concellos de Catalunya ou Euskadi?.”

Finalmente, intervén o Concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño que dí vai apoiar a adhesión proposta aínda que considera que moito do dito polo Concelleiro do BNG é certo como o relativo ás cidades respecto ás entidades de poboación pequena como as parroquias e aldeas, e cita como exemplo o Plan de Excelencia turística do Concello de Viveiro e as inversións feitas en Viveiro e noutros lugares ou parroquias do Concello.

Polo Sr. Alcalde-presidente respóntase que si ten algunha dúbida sobre as inversións que se informe pero considera que se trata dun exemplo moi desacertado, recomendando ao Concelleiro de IU-EU que se documente antes de falar.

Ante as protestas do citado Concelleiro o Sr. Alcalde recoméndalle que agarde a súa quenda xa que non finalizou a intervención que continúa expoñendo respecto ás manifestacións do Concelleiro do BNG que, un dos problemas que padecen os Concellos cabeceira de Comarca é a asunción dos custos polos servizos que se prestan a persoas que non están empadroadas e que non contribúen aos ingresos do Concello provenientes do Fondo de Cooperación do Estado e que isto non sucede ás Comunidades Autónomas, citando a seguir que por acordo do 15 de marzo contéplase un fondo de compensación pola perda dos ingresos do IAE para Concellos de poboación inferior a 10.000 habitantes, e que o resto dos Concellos irán a outra negociación pois dí non se pode esquecer a perda que supuso a desaparición do IAE que se ven cifrando nun importe para estes de 660 millóns de euros.

Ante unha nova pregunta do Concelleiro de IU-EU sobre o Plan de Excelencia Turística de Viveiro e os beneficios que trouxo para a zona rural de Viveiro, o Sr. Alcalde respóntalle que se documente mellor sobre as inversións efectuadas desde a toma de posesión do grupo de goberno ao que representa.

Procédese, a continuación, a efectuar a votación, e o Pleno da Corporación, por maioría de trece votos a favor (PS de G-PSOE, PP e IU-EU) e dous en contra (BNG), acorda a súa adhesión á Carta de Vitoria suscrita polos representantes dos Concellos, Deputacións Provinciais e Forais, e Cabildos e Consellos Insulares participantes na conmemoración na Cidade de Vitoria de 25 aniversario dos Concellos Democráticos.

Comunicar o presente acordo á Federación Española de Municipios y Provincias.



**EXCMO. CONCELLO
DE
VIVEIRO**

SECRETARÍA

Praza Maior, 1 27850-Viveiro (Lugo) Tel.:982560128 Fax:982561147 Email:viveiro@fegamp.es

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as doce horas e vinte minutos, estendéndose de todo o tratado a seguinte acta, da que eu, Secretaria, dou fe.